



ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2024/25

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024 (DOG do 18 de setembro), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **TRES alumnos/as**, dun total de CATRO que debe ter o Consello Escolar. Un representante continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
2. Co obxecto de manter os períodos de renovación, o membro do consello escolar elixido conforme á renovación dunha praza, que causou baixa por traslado, nomeada ata o 2026 (**UN dos TRES**) será nomeado por un período de dous cursos escolares. (Artigo 55.2 do Decreto 92/1988)
- 3.- Son electores todo o alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 30 de outubro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 6 de novembro.
- 4.- Son elixibles todo o alumnado que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. **As candidaturas poderán ser presentadas a partir do día 1 de novembro ata as 14'00 horas do día 8 de novembro.**
- 5.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público entre o alumnado, o día 11 de novembro, ás 12:30 horas na Sala de Xuntas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e dous/dúas alumnos/as actuando de secretario/a o de menor idade.
- 6.- A campaña electoral establécese entre os días 14 e 18 de novembro. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES
- 7.- Poderán actuar como supervisores da votación o alumnado matriculado no Centro que sexa proposto pola asociación de alumnos/as ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de dez electores/as.
- 8.- **As votacións realizaranse neste IES o día 19 de novembro, de 9:05 a 12:10 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:00 horas.**
- 9.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **DOUS** nomes dos/as candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegado.
- 10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ferrol, 25 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL



Asdo.: Victoria Piñeiro Carregado

